

## 24 HORAS EN GALEGO

### 30 de novembro de 2006

Nome: Tamara Carreira Astray

#### RELATA A TÚA EXPERIENCIA

“24 HORAS EN GALEGO”. *En realidade eu xa falo galego habitualmente, polo que isto non é para min.* Isto foi o que pensei cando me informaron desta iniciativa posta en marcha polo Equipo de normalización lingüística da Escola. Pero despois dixeran: *por que non? Pode resultar unha boa oportunidade para analizar os comportamentos e reaccións dos que tódolos días me escoitan falar nesta lingua e nos que, ata agora, non reparara.* Deste xeito, decidín embarcarme neste reto, que eu consideraba non ía supoñer ningún esforzo extra para min, e que despois me mostrou o equivocada que estaba.

O día 30 de novembro de 2006 amenceu coma de costume. A canción *Me voy* de Julieta Venegas comezou a soar baixiño no meu cuarto ás 7:45. Era o meu radio-espertador, sintonizado nos 40 Principais, que me alertaba da hora que era ao mesmo tempo que me aledaba tódalas mañás escoitando os éxitos do momento. A voz do locutor e dos seus colaboradores, nun perfecto castelán, recordoume o meu cometido para a xornada. Trinta minutos despois, comezaba a miña primeira conversa do día en galego. A miña nai e mais eu falabamos dos nosos plans para ese día mentres almorzabamos. Decidín preguntarlle: *por que sempre me falaches en galego?* A súa contestación foi que, falando galego, estaba a falar a súa lingua, a dos seus pais e a dos seus avós, a lingua que herdamos dos nosos antepasados e a lingua que nos facía diferentes a outros pobos. Falando galego percibía que estabamos máis preto unha da outra. Así mesmo, sentía que estaba aportando o seu graíño de area para acabar coa diferenza de status das dúas linguas oficiais da nosa comunidade, que ela tanto sufrira na súa etapa escolar e universitaria. Polo tanto, falar unha lingua diferente significaría renegar do noso pasado, da nosa cultura e do que os meus pais me transmitiran.

Ás 8:30, reflexionando sobre todo isto, o meu pai e mais eu collemos o coche para desprazarnos a Santiago, onde el traballaba e eu estudaba. A música soaba de novo na radio do automóbil, pero desta vez a locutora falaba en galego. O meu pai descubrira había uns meses esta nova emisora de radio que poñía toda a música de moda do momento e na que ademais se falaba o galego. El non dubidou o cambio de emisora e, sen embargo, eu... Por que seguía a escoitar os 40 Principais? Esta pregunta quedou no aire, poida que pola chegada á facultade ou porque, no fondo, non tiña unha resposta para ela.

Son as 9:00 e, coma todos os Xoves, a miña xornada académica comeza con dúas horas da materia “*Estratexias e Recursos en Educación Matemática*”. Estaba de sorte, pois tres dos catro alumnos que asistíamos a esta asignatura de carácter optativo falabamos coma o profesor, é dicir, en galego. A dicir verdade, este era un caso practicamente excepcional na miña facultade. Nos tres anos que levaba por alí, só coñecera o caso doutro mestre que impartía a súa clase en lingua galega. A cuarta alumna, de procedencia chilena, falaba en castelán. A clase transcorreu de xeito totalmente normal. A rapaza chilena, que se sentaba ao meu lado, preguntábame que significaban algunhas palabras en galego que o mestre pronunciaba e ela descoñecía e eu, coma fixera outras veces, dispoñíame a traducilas ao castelán... pero, que estaba a facer? ía renderme tan axiña? Dende logo, o máis cómodo era a tradución ao castelán,

pero por que non intentar explicar o seu significado en galego? Ao fin e ao cabo, a rapaza xa levaba dous meses en Galicia e comezaba a manexarse en galego. Así o fixen e así superei o meu primeiro atranco, aínda que a rapaza de seguro prefería que continuase co método máis sinxelo da tradución.

Ás 11:00, cando a clase rematou, os meus tres compañeiros despedíronse de min en castelán. Agora, eu era a única que falaba galego. Pensei que, se cadra, eran deses que contestaban ao seu interlocutor na lingua que este falaba; así que me aventurei a comprobalo cunha pregunta sen importancia. O resultado decepcionoume. Que ilusa! Eu non era o mestre, como ousaba esperar que me responderan na miña lingua!

A miña seguinte clase era “*Didáctica da Lingua Inglesa*”, da que non esperaba obter ningunha información relevante por desenvolverse esta integramente en inglés. Ás 12:00, hora de remate da clase, os meus compañeiros falan animadamente entre eles uns minutos antes de que dea comezo a seguinte clase. É aquí onde comprobo que, de todos eles (agora uns poucos máis de catro), só dúas persoas podemos chamarnos galegofalantes. Os comportamentos dos demais cando eu me dirixía a eles na miña lingua, consistían en manter unha conversa animada dende o castelán, conversar dun xeito bilingüe (algunhas frases en castelán e outras en galego) ou ben escoller o galego por ser a lingua na que eu me dirixira a eles (os menos). En ningún caso me sentín discriminada por causa da lingua. Isto faime lembrar que eu tamén tiña cambiado a miña lingua ante interlocutores non moi coñecidos que me falaban en castelán. Agora sabía que non precisaba facelo máis.

Na miña última clase da mañá, a de “*Lingüística Aplicada á ensinanza de linguas estranxeiras*”, o mestre (castelanfalante) a miúdo pedía a participación do alumnado no que estaba explicando. Deime conta de que, ata agora, as miñas poucas participacións fixéraas en castelán; poida que porque ninguén empregara o galego nesa clase e non quería correr o risco de sentirme rexeitada polos demais ou polo mestre. Dun momento para o outro, decidín que esta era a oportunidade idónea para cambiar isto e, cal foi a miña sorpresa? O profesor respondeume tamén en galego e por uns minutos a clase continuou a desenvolverse nesta lingua. A miña intervención, incluso provocou a participación da outra galegofalante da clase. Que importante me sentín naquel momento, acababa de romper a barreira! A partires de agora podería expresar as miñas ideas con total seguridade de ser tomadas en conta, e da mellor forma posible: na miña propia lingua.

Ás 13:30, agardando polo meu pai, para volver xuntos á casa, escoito unha conversa súa cun cliente en castelán. *Como é posible? Escoitei ben?*, penso. Pois si, escoitara perfectamente. Agora o lembraba. O meu pai explicárame moitas veces que, todos os días, tan pronto entraba no seu lugar de traballo, debía cambiar o seu chip lingüístico e falar única e exclusivamente en lingua castelá. Parece increíble que, nos tempos de hoxe, aínda se siga esixindo para un traballo o requisito de falar castelán...

Na hora da comida, puíden relaxarme un pouco, posto que todos falabamos o galego libremente sen importarnos o que pensarían de nós os demais. Que gusto estar de novo na casa! Por fin, todo o que escoitaba ao meu arredor era galego. Nunca antes me invadira esta sensación de alivio, pero hoxe non podía sentirme doutro xeito.

Decidín esquecerme por unhas horas de todo o vivido nesta xornada, para acudir con folgos renovados á Escola Oficial de Idiomas, a miña última oportunidade para observar e anotar reaccións dos meus interlocutores. Ás 18:25, cinco minutos antes de que comezase a miña clase de inglés, puíden apreciar como diferentes grupos de persoas falaban animadamente sobre temas diversos en diferentes linguas. Isto chamou a miña atención desde a primeira vez que pisei esta institución. Nunca antes

observara tanta variedade lingüística nun espazo tan pequeno, tanta facilidade para cambiar dun código lingüístico a outro, e sobre todo, tanto respecto e comprensión polas linguas dos outros. Unha auténtica Torre de Babel entendida coma un grandiosísimo tesouro cultural e non unha maldición.

Así e todo, nesta torre plurilingüe, o castelán volvía a ocupar o trono de lingua máis falada polos alumnos. O meu consolo era que a diferenza entre os castelán e os galego falantes non era tan aplastante coma na Universidade.

De novo na casa, ao calor da miña lingua materna, só puíden reflexionar sobre o que supuxo esta experiencia para min. Obtivera decepcións coma o simple feito de escoitar unha emisora de radio en castelán, pasando pola esixencia de falar unha determinada lingua no teu lugar de traballo ata comprobar que a lingua maioritaria en dúas institucións académicas tan importantes, como eran a facultade de Ciencias da Educación e a Escola Oficial de Idiomas de Santiago, era o castelán. Por outro lado, o optimismo apoderárase de min cada vez que superara algún deses pequenos atrancos que me impedían ser verdadeiramente eu. Pero agora, esas vitorias parecíanme insignificantes con todo o que observara ao meu arredor.

O son do teléfono sacoume destas cavilacións. Era a miña avoa, coa que falaba tódalas noites e que me preguntaba: *Que tal che foi o día?* Falamos un bo anaco e escoitar a lingua galega da súa boca fíxome coller novos folgos. Ao fin e ao cabo, se eu falaba galego era en boa parte por ela. *Grazas por falares galego, avoa!*, pensaba por dentro.

E coma se nada, o día 30 de novembro chegou á súa fin. Erguérame crendo que era inmune ao castelán e deitábame coa sensación de ter gañado unha importante batalla. Pero a loita seguiría ao día seguinte con novos enfrontamentos e novos retos que superar.